

ÁMBITO

Localidade	Barreiros
Comarca	A Mariña
Lugar de realización	Centro Social

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	12
Nº de non militantes asistentes	5
Nº de militantes convocad@s	Toda a militancia

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local	María Belén Fernández Soto (R. Local)
Representante do Consello Nacional	Roberto Bouça Orosa

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	1:30 min.
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Clásica: Mesa redonda

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

O Encontro Aberto transcorreu con normalidade e nun clima de cordialidade. As persoas asisntentes foron moi participativas.

Valórase positivamente a realización deste encontro.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

Con carácter xeral:

- Por que perdemos apoios? Por que non chega o discurso? A xente recoñece o noso traballo e o noso amor polo país. Aínda así a xente opta por outras forzas políticas. Temos un discurso moi elaborado. Hai sectores para os que non temos discurso. A xente nova non se identifica co noso discurso.
- Traballamos moito, mais o traballo dentro da oposición non dá resultados. Hai que gobernar para transformar. Canto máis divididos máis fácil llo poñemos á dereita.
- A xente nova non se ve reflexada no BNG polo seu discurso tradicionalista. Visión idealista do país e alonxada da Galiza urbana. Outras forzas souberon recoller estas inquedanzas e o BNG non. O BNG veu un inimigo nas forzas emerxentes e non escoitou o que dicía a "cidadanía".
- Os medios de comunicación xogan na nosa contra.
- Algo facemos mal. Non podemos botar sempre a culpa aos medios de comunicación. Hai que crear ilusión para gobernar. A oposición é moi importante e referencial en moitos concellos. Este traballo tamén é fundamental para o nacionalismo.
- O BNG ten que seguir sendo o BNG e non pode homologarse coas outras forzas políticas. Moitas contradicións xorden á hora de gobernar. Hai momentos baixos, mais hai que manter a identidade.

Radiografía da Galiza de hoxe

- A sociedade mudou e cada vez fica menos país: despoboamento, agro, emigración xuvenil...

Estratexia política do nacionalismo galego

- Unificar o nacionalismo. Nos últimos anos pasaron moitas cousas e vai ser moi difícil a curto prazo xuntarse nunha mesma organización.
- Traballar pola casa común do nacionalismo en igualdade de condicións. Temos que ser os que lancemos ese proxecto. A mellor opción de futuro a nivel organizativo é a segunda, a que pasa por abrir un proceso constituínte dunha nova forza política nacionalista, baixo a forma de coalición ou plataforma electoral ou como Fronte Nacionalista. Temos obriga moral e obriga co país.
- O nacionalismo é preciso, mais é un erro homologar nacionalismo a BNG. Hai moito nacionalismo fóra do BNG. Hai que actuar desde a humildade no mellor para o país.
- Hai que ser pedagóxico coa soberanía e a lingua.

Participación política e modelo organizativo

- O debate organizativo non preocupa á base social do BNG. É un dabete interno.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

- O modelo organizativo é fundamental porque condiciona o xeito en que trasladamos o discurso. Dáse unha imaxe moi pechada e alonxada da sociedade.
- As críticas externas ao modelo organizativo do BNG son moitas veces contraditorias. Hai que ter un discurso coherente e non deixarse levar por modas ou homologarse con forzas sistémicas.
- A nivel organizativo hai que dar respostas inmediatas. Non se pode pasar por todos os organismos para debater todo. É o mesmo modelo de 1982. O país é distinto en cada comarca e hai que dar respostas distintas.